


## DIFERENTES ESPECIES DE PINGÜÍNS

Coñécense as seguinte especies de pingüíns:

Pingüín Crestado, Pingüín de Adelia, Pingüín de Anteollos, Pingüín de Barbillo, Pingüín de Humboldt, Pingüín das Galápagos, Pingüín de Magalláns, Pingüín de Nova Zelandia, Pingüín de Ollos Amarelos, Pingüín de Penacho Amarelo, Pingüín de Penacho laranxa, Pingüín de Pico vermello, Pingüín de Snares, Pingüín Emperador, Pingüín Pequeno, Pingüín Real, Pingüín Rei.



As especies son ben diferentes unhas de outras tanto na súa forma coma no seu comportamento. Por exemplo, con respecto ó hábitat, o pingüín das Galápagos vive nunha zona quente, entrementes que o pingüín de Adelia, e outros, viven na rexión antártica.




Con respecto ó tamaño, temos que o meirande de todos é o pingüín emperador que pode chegar a pesar ata 45 kg e a medir 1'20 m de alto. O máis pequeno é o "Penacho amarelo" que non alcanza o medio


metro de altura e pesa sobre 2 kg. Con respecto á forma de vida tamén hai grandes diferencias:



**O Emperador** ademais de ser o máis grande podemos destacar que nunca pon os pés na terra, vive exclusivamente sobre o xeo, resistindo temperaturas que chegan os 50° baixo cero. E tamén o único que se reproduce durante o inverno polar. Ó chegar a época de cría, volve do lugar de pesca ó lugar de cría e busca a parella do ano anterior, so se ela morreu ou desapareceu busca outra parella. O macho é quen se ocupa de incubar e de protexer o seu único ovo sen comer absolutamente nada.




A nai vai ó mar en busca de comida e volve para o nacemento do fillo e, alimenta ó fillo e ó sacrificado pai. Logo viven xuntos preocupándose de que as crías estean ben protexidas ata que ós corenta días os trasladarán a colonias onde se coida ós pequenos.



O emperador é a ave que pode mergullarse a máis profundidade, pode chegar a 250 ou 300 m a unha velocidade de 40 km/h. Pode estar sen respirar ata 20 minutos.

**Pingüín de Humboldt** está en perigo de extinción. Habita nas costas de Chile e Perú sobre o océano Pacífico e aliméntase basicamente de anchoa. Como se pesca demasiada anchoa está a quedar sen alimento. Actualmente hai pingüíns desta especie en algúns zos para garantir a supervivencia da especie.



**Pingüín rei.** Incuba durante a primavera en colonias situadas en lugares máis cálidos e os pais teñen que nadar ata máis de dous mil kilómetros para chegar ó sitio onde pescan. A niñada ten tamén un ovo so pero aquí, a diferencia do emperador, os dous pais turnanse para ir pescar e para coidar o niño e logo o fillo durante o primeiro mes.. Despois os dous pais van pescar e o fillo queda na "gardería" de pichóns: Nacen en Primavera, os pais aliméntanos ata Abril e logo, de Maio a setembro (o inverno polar) no que os pais apenas lle poden traer comida, perden peso e os máis débiles morren. Na primavera os pais volven para acabar de o criar, o fillo non se vale por si solo ata o ano.



O pingüín de **pico vermello** pon 2 ovos pero normalmente so logra 1 pichón; é o máis veloz, alcanza a velocidade de 27 km/hora.

## COMPRENSIÓN

### 1. Contesta:

► Segundo a lectura ¿Existe o pingüín de ollos azuis?

---

► ¿E o pingüín pequeno?

---

▶ ¿En que se diferencia o pingüín das Galápagos e o pingüín de Adelia?

---

▶ Hai un pingüín que nunca pon os pés na terra. ¿Cal é? ¿onde vive?

---

▶ ¿Cal é o pingüín que pode mergullarse a maior profundidade?

---

▶ ¿Qué se fixo para garantir a supervivencia do pingüín de Humbolt?

---

▶ A hora de incubar os ovos ¿En que se diferencia o pingüín Emperador do pingüín rei?

---

▶ ¿Cando é o inverno polar? ¿En que estación estamos nos durante o inverno polar?

---

**2. Busca e di os erros que hai nas seguintes frases.**

O máis grande é o pingüín emperador que pode chegar a pesar ata 54 kg e a medir 2'10 m de alto. O máis pequeno é o "Penacho laranxa" que alcanza o medio metro de altura.

---

---

---

---

Os pichóns do pingüín rei nacen no verán, os pais aliméntanos ata Setembro, pero durante o inverno polar os pais apenas lle poden traer comida.

---

---

---

O pingüín de pico vermello pon 1 ovo pero normalmente logra 2 pichóns, é o máis áxil, pode saltar ata 27 m.

---

---

---

## **ACTIVIDADES**

### **1. Separa e ordena:**

Oemperadorterraponpésosnuncanapingüín

---

---

dosvanpingüínsaAgarderíamajoría

---

### **2. Tacha a palabra que sobra en cada unha das seguintes frases:**

As especies de pingüíns son ben pouco diferentes unhas de outras.

O pingüín emperador vive como exclusivamente sobre o xeo.

Hai pingüíns que se alimentan comen exclusivamente de anchoas.

**3. Escribe preguntas para as seguintes respostas:**

P: \_\_\_\_\_

R: O emperador é a ave que pode mergullarse a máis profundidade

P: \_\_\_\_\_

R: É o "Penacho amarelo" que non alcanza o medio metro de altura

P: \_\_\_\_\_

R: Os dous pais túnanse para ir pescar e para coidar o niño

**4. Busca no diccionario as seguintes palabras e explica o seu significado.**

**Penacho:** \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

**Extinguir:** \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

**Incubar:** \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

**Mergullar:** \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

**5. Escribe outras palabras que signifiquen o mesmo que:**

**Veloz:** \_\_\_\_\_

**Quente:** \_\_\_\_\_

**Pequeno:** \_\_\_\_\_

**Débil:** \_\_\_\_\_

**6. Agora escribe outras que signifiquen o contrario:**

**Veloz:** \_\_\_\_\_

**Quente:** \_\_\_\_\_

**Pequeno:** \_\_\_\_\_

**Débil:** \_\_\_\_\_

**7. Hai algunhas palabras que poden significar cousas moi diferentes, por exemplo "polo".**

**¿A que nos podemos referir cando falamos de "polo"?:**

---

---

---

---

**8. Busca ti outras palabras que, como "polo", teñan diferentes significados e escríbeos.**

---

---

---

---

---

---

---

---

9. Busca na sopa de letras:

pingüín, polo, incubar, colonias, penacho, mergullarse

E	T	N	O	R	E	C	O	N	I	E
D	A	P	N	F	E	O	I	A	S	A
L	A	O	Ü	L	H	C	Ü	R	O	C
E	S	L	O	C	A	R	A	N	I	O
S	S	O	A	C	E	L	F	D	O	L
Ü	R	N	T	A	L	M	S	Ü	T	O
E	E	T	I	U	C	I	O	N	S	N
P	I	N	G	Ü	I	N	A	N	A	I
P	E	R	N	I	Ü	I	N	O	Ü	A
C	E	E	X	F	I	K	C	I	L	S
M	D	E	R	A	B	U	C	N	I	A

10. Le as frases cortadas e escribeas:

O macho é quen se ocupa de incubar e de protexer o seu único ovo

.....

Existen 18 especies diferentes de pingüíns

.....

Volve do lugar de nacer ó lugar de cría e busca a narella do ano anterior

.....

Como se nace demasiado ancha está a quedar con alimento

.....

O meirande de todos é o pingüín emperador

.....

